

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONVI075	<i>Expediente</i> CON/18/2011	<i>Fecha</i> 23-02-11 13:48

*Asunto*  
Servizo de mantemento do sitio web  
[www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org) da concellería de promoción  
económica do Concello de Santiago de Compostela - Prego  
Prescripciones Técnicas

## **PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE MANTEMENTO PARA O SITIO WEB MAISCOMPOSTELA.ORG.**

No ano 2005 a Oficina de Promoción Económica e Emprego do Concello de Santiago ante o desenvolvemento das actividades realizadas dende este organismo nos anos 2004 e 2005 que supuxera un incremento notable dos servizos prestados á cidadanía e ante a dificultade que existía moitas veces para a captación e información das persoas posibles usuarias destes novos servizos puxo en marcha a web [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org) como a súa principal ferramenta de comunicación e posicionamento público. O proceso de creación desta páxina web foi ligado dende o seu inicio ao programa, actividades e reflexións da Rede de Cooperación Local.

A Rede de Cooperación Local (RCL) xurde baixo a concepción de que o esforzo innovador, que facilita a xeneración e incorporación de coñecementos para dar resposta a todo tipo de retos e problemas, resulta un factor chave que permite ás empresas dun ámbito territorial inserirse nunha mellor posición nun espazo máis global de competitividade. E é ese espazo territorial que evoluciona desde ser un simple escenario onde transcurren os feitos ata ser o marco que, ao permitiren empregar racionalmente os recursos existentes (centros de coñecemento, infraestruturas, recursos humanos, tecido empresarial estable, espazo cultura e social con personalidade propia) é capaz de crear un contorno, que, en función da súa distinta armazón pode chamarse "medio innovador", "distrito industrial", "territorio intelixente", "rede de innovación"..., pero que en última instancia ten por obxectivo o desenvolvemento conxunto nun territorio específico.

Como programa e ferramenta de traballo da promoción das relacións económicas entre os axentes do Concello de Santiago de Compostela foi posta en marcha no ano 2004 e ata agora o seu catálogo de actividades abarca dende a realización de estudos e traballos de diagnose e información, visitas e encontros entre axentes e programas de formación e mellora de competencias e recursos humanos; así como a posta en marcha da propia web [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org)

Nestes anos ten ampliado o grao de colaboración e coñecemento entre os axentes económico sociais da cidade e cada novo encontro que se realiza baixo o marchamo de Rede de Cooperación Local ven abalado pola súa alta participación.

Esta páxina web foi empregada durante estes anos con grande eficacia como ferramenta de comunicación deste programa, mellorando notablemente o coñecemento dos programas e servizos da Concellaría se ben a evolución sufrida polos mesmos nos últimos tempos fixo preciso replantear a web inicial para adaptala ás novas necesidades tanto do persoal da Oficina como da cidadanía usuaria dos servizos que dende a mesma se prestan.

No ano 2009 a web foi reformulada para incorporar novos contidos, marcar unha liña gráfica renovada e integrar novas utilidades precisas para mellorar a prestación de servizos que a través da web se da ás persoas usuarias dos servizos da Oficina. Esta renovación permitiu ofrecer con

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONVI075	<i>Expediente</i> CON/18/2011	<i>Fecha</i> 23-02-11 13:48

maior facilidade información, recursos e servizos que ata o momento se ofrecía só de xeito presencial o que foi especialmente importante tendo en conta o actual momento económico que incrementara notablemente as consultas recibidas sen que por iso existise capacidade para incrementar o persoal adicado a estas tarefas de información.

A web de [maiscompostela.org](http://maiscompostela.org) é na actualidade a principal ferramenta de traballo coa que conta a área de Promoción Económica para a dinamización da cultura emprendedora e o fortalecemento das relacións entre o empresariado e as institucións que traballan no eido socioeconómico na área de Compostela; recollendo así e dando resposta ao principal obxectivo da Rede de Cooperación Local. Cumpre os seguintes obxectivos:

Posúe unha estrutura adaptada ao dinamismo de contidos e utilidades da propia Oficina de Promoción Económica con sistemas de axendas, portada dinámica, xerados de galerías gráficas, posibilidade de inscrición online, subscrición, novas, etc...

Permite visualizar os novos programas e servizos da Oficina de Promoción económica e Emprego de xeito máis intuitivo mellorando o coñecemento que a cidadanía ten dos programas e servizos que se realizan dende a Oficina.

Ofrece servizos en colaboración con entidades e empresas para a promoción gratuíta das súas actividades, eventos, cursos de formación e axudas.

Estas actividades, unidas á experiencia en redes sociais aberta no ano 2010 para persoas emprendedoras e empresas, ten suposto un incremento no uso e nos requerimentos de colaboración plantexados por entidades e empresas. Na actualidade o persoal de Promoción Económica carece de tempo suficiente para atender estas demandas nuns parámetros mínimos de calidade e ademais tampouco sempre posúe os coñecementos técnicos para realizar moitas das tarefas de modificación da web que o uso diario da mesma fai precisas.

É preciso polo tanto proceder á contratación dun servizo de mantemento para a web [maiscompostela.org](http://maiscompostela.org) coas seguintes características:

- **Mantemento sobre os sistemas:** vixilancia do normal funcionamento da web e correcta implementación dos cambios que por distintos motivos sexa preciso realizar na mesma.

Realizaranse todas as modificacións e actualizacións que supoñan unha maior eficiencia do sistema e non supoñan unha variación da estrutura da Base de Datos existente á entrega do proxecto nun prazo máximo de 48 horas dende a súa solicitude por parte da Oficina de Promoción Económica.

Contemplanse ademais labores de volcado automático de datos, eliminación de posibles erros no sistema, colaboración para realizar cambios nos procedementos xa establecidos no

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONVI075	<i>Expediente</i> CON/18/2011	<i>Fecha</i> 23-02-11 13:48

sistema, como a mellora nas buscas, modificación de formularios, así como outros cambios que sirvan para unha maior eficiencia do sistema.

Do mesmo xeito incluíranse no contrato as ampliacións de seccións dentro da web que sexan repetición de outros módulos xa instalados no sistema e que non afecte renovación da web nin afectan á Base de Datos.

- **Adaptación ás ferramentas 2.0:** Posibilitarase o envío, sinalización e/ou votación de cada páxina ou contido a/en redes sociais de uso máis frecuente en España e Europa (Flickr, Panoramio, Ikimap, Slideshare, Youtube, Twitter, Facebook, Tripadvisor, Minube), sempre que sexa posible. Etiquetar semanticamente todos os contidos da web a través de etiquetas. Implementación das etiquetas no buscador e creando si é o caso unha nube de TAGs que se colocará accesible desde a web.
- **Preparación e publicación de contidos web:** o contrato incluírá a publicación de todos os contidos que lle sexan indicados desde os departamentos indicados polo cliente, en calquera dos apartados da web obxecto deste traballo. Os contidos a publicar inclúen: novas, artigos, eventos de calendario, documentos descargables, cortes de son, videos, banners, logotipos, intros, e outros que se indiquen.

Consideraranse contidos válidos para a publicación, comprendidos por tanto no obxecto deste contrato, todos aqueles que poidan efectuarse dispoñendo das funcionalidades do xestor de contidos sobre o que está construída a páxina web. Este xestor de contidos de elaboración propia é facilmente manexable por persoas con coñecementos informáticos básicos. Non se considerarán comprendidos nos contidos a publicar aqueles que requiran programación adicional ou cambios estruturais da páxina web.

Os contidos poderán ser facilitados en calquera formato ou soporte dixital, correndo por parte da empresa adxudicataria a súa conversión e adaptación para a publicación en internet.

Este servizo será prestado cunha duración de 8 horas diarias de luns a venres no horario que se pacte co cliente entre as 8 e as 21 horas de cada día.

- **Contidos nas Redes Sociais:** Dado o actual volume de uso do perfil creado en Facebook, a única rede social implementada ata o momento, sería preciso a realización de actualizacións diarias (en días laborables) en cada unha das contas coas que se conte. Para estas actualizacións empregarase a información que vaia xerando nos contidos da web [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org); así como a información de outras fontes identificada como relevante polo persoal técnico de Promoción Económica no marco do seu traballo de promoción das relacións entre empresariado e institucións do ámbito de Compostela.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONVI075	<i>Expediente</i> CON/18/2011	<i>Fecha</i> 23-02-11 13:48

Tamén se atenderán e respostarán as interaccións que fagan os usuarios coas diferentes contas do Concello, cunha periodicidade de 1 actualizacións diaria( en días laborables).

O custo destas actividades afrontarase con cargo á partida de Promoción Económica Estudos e traballos Técnicos.

**A TECNICO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA O XEFE DE INFORMÁTICA**



**Asdo.: Carme Casado Casado**



**Asdo.: Jesús Rodríguez Castro**